



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DO SOCIAL N. 5 REFORZO VIGO

DECRETO: 00278/2017

Rúa Lalín 4-2º 36209 Vigo
Tlf: 886.218.424

NIG: 36057 44 4 2013 0003253
Modelo: 077100

MGT MODIFICACION SUSTANCIAL CONDICIONES LABORALES 0000657 /2013

Sobre: MOV.GEOG.Y FUNCIONAL

DEMANDANTE/S: A.A.

GRADUADO/A SOCIAL: ESTHER LOPEZ MELON

DEMANDADO/S: CLECE, S.A., CONCELLO DE VIGO, GRUPO ACS

D E C R E T O

Letrado da admón. de xustiza Ramón Eloy Rodríguez Frieiro.

Vigo, vinte e sete de xuño do dous mil dezasete.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 18/06/2013 tivo entrada na oficina de reparto demanda presentada por A.A. contra CLECE S.A. e outras, dando orixe ao presente procedemento.

SEGUNDO.- O día 23/06/2017, polo demandante achégase escrito desistindo da demanda.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

ÚNICO.- Declarada polo actor a súa vontade de abandonar o procedemento iniciado, procede, consonte co que establece o artigo 20.3 da Lei de axuizamento civil (L.A.C.), archivar as actuacións.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

PARTE DISPOSITIVA

Acordo: Ter por **desistida** á parte demandante da súa demanda acordando o sobresemento das presentes actuacións e o **archivo** dos autos unha vez firme esta resolución.

Notifíquese ás partes, facéndolles saber que contra esta resolución poderán interpoñer recurso de reposición no prazo de TRES DÍAS dende o seguinte ó da súa notificación.

Se o recorrente non ten a condición de traballador ou beneficiario do réxime público da seguridade social, terá que consignar a cantidade de 25 € en concepto de depósito, na conta ES55.0049.3569.92.0005001274 de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no banco de Santander, indicando no campo concepto 3630.0000.67.065713. Quedan exentos de consignar o depósito o Ministerio Fiscal, o Estado, as Comunidades Autónomas, as entidades locais e os organismos autónomos dos que dependan.

O Letrado da administración de xustiza